

"PASAMOS UN DÍA NO PALEOLÍTICO"


NOME E APELIDOS:

CURSO E GRUPO:



Imaxina que cunha "máquina do tempo", viaxáramos á Prehistoria, concretamente, ao Paleolítico. Tes que situarte nese ambiente e completar as seguintes actividades.

En primeiro lugar, explica nos recadros en branco, que actividades están realizando as diferentes personaxes dun campamento paleolítico: para facilitarche a tarefa, podes completar ditos recadros coas actividades listadas a continuación.

~~Cazando, tallando pedra, fabricando ferramentas, recolectando, cocinando carne no lume, pescando, curando unha ferida, secando a carne, cazando, fabricando unha lanza, obtendo lume, cazando paxaros, cunha fonda, recollida de leña, raspado de peles de animal, despezamento do animal.~~



Agora que xa sabes como se "curraba" nun campamento paleolítico, observa as dúas seguintes imaxes e comenta, segundo o número indicado, qué actividade está a desenvolver cada membro do clan:



A:

1. ...
2. ...
3. ...
4. ...
5.

B:

1. ...
2. ...
3. ...
4. ...
5. ...
6. ...
7. ...
8. ...

Actividade *se xa tes unha idea aproximada da vida paleolítica, podes facer unha redacción (20 liñas como mínimo) describindo como sería un día “normal” nun campamento de hai 30.000 anos, dende a primeira hora da mañá ata o momento de deitarse.*

Por último, imos matricularnos agora nunha FP básica de tecnoloxía paleolítica; deberás identificar correctamente ferramentas, técnicas e obxectos prehistóricos, comentando posteriormente todo o que saibas (coa axuda do teu libro de texto) acerca dos materiais utilizados e finalidades (para que servían) de ditos obxectos:

- *Nunha das imaxes temos unha colección de propulsores: cales serán, para que servían, de que se farían ou fabricarían, tiñan adornos?*
- *Noutra imaxe hai distintos xeitos de prender lume: en que consisten, que se utiliza para conseguir o lume, cales che soan das películas?*
- *Onde vemos como se fabrica unha especie de coitelo moi afiado? Que tipo de pedra ou mineral era o mellor para conseguir fíos moi cortantes? Como se evitaba que un non se cortara con estas pezas líticas?*
- *Tamén observarás unha colección de puntas de lanza: en que materiais se fabricaban? Por que só se conservan ou se atopan hoxe nos xacementos arqueolóxicos as puntas? Cal era a finalidade de ditas lanzas?*
- *Por outra banda, verás como se fabricaba un machado (“hacha”) de pedra: que ferramentas se empregaban para facer un machado? Para que se utilizaban os machados? Se lles completaba con algo para manexalos con mellor comodidade?*
- *Finalmente, tes unhas curiosas ferramentas en forma de “dentes” ou aserradas: que poden ser? Para que se usaban? Para que levarían unha cordiña atada?*

